



Concello de Portomarín

PROGRAMA PORTOMARÍN CONCILIA 2023-2024

BASES DE PARTICIPACIÓN

Actividades Extraescolares

Escolas Deportivas

Tardes Lúdicas

Madruga

1.- OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto regular o funcionamento e procedemento de admisión ao Programa Portomarín Concilia 2023-2024, o cal comprende os servizos de: Actividades Extraescolares, Escolas Deportivas, Tardes Lúdicas e Madruga.

O concello de Portomarín a través da súa posta en marcha pon a disposición das familias distintos servizos dirixidos á poboación infanto-xuvenil durante o curso escolar 2023-2024, coa finalidade de:

- promover a implantación no ámbito local de medidas que faciliten a conciliación da vida laboral, persoal e familiar da veciñanza de Portomarín.
- ampliar os horarios de atención da infancia e mocidade fóra do horario lectivo; en concordancia coa xornada laboral.
- favorecer o acceso e a participación da poboación infanto-xuvenil que reside no rural en actividades de educación non regrada.
- ofrecer unha alternativa lúdico-educativa para a infancia e rapazada residente no concello de Portomarín e a súa contorna.

2.-METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar terá como piares fundamentais: a pedagogía lúdica (aprendizaxe experiencial, por descubrimento e mediante o xogo); a promoción da igualdade e a atención a diferenza (atención centrada na persoa); a cooperación como medio para o desenvolvemento integral da persoa; o diálogo e a escoita activa como ferramentas para a toma de decisións e a resolución de conflitos.



Concello de Portomarín

As propostas dos catro servizos inclúen a realización de actividades lúdico-educativas, deportivas e predeportivas; as cales terán como obxectivos transversais:

- a promoción e adquisición de hábitos de vida saudable.
- a co-educación en valores.
- a igualdade de xénero e a prevención de todo tipo de violencias.

Así mesmo, estarán contextualizadas en tempo e lugar (coñecemento sobre as efemérides locais, e o patrimonio cultural material e inmaterial da contorna), así como adaptadas as idades e necesidades das persoas participantes; favorecendo o seu desenvolvemento integral.

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA E REQUISITOS

Os servizos están dirixidos, de xeito xeral, á poboación infanto-xuvenil de entre 3 e 16 anos de idade.

O rango de idades da poboación obxectivo de cada servizo; así como o resto de especificidades, recóllense no punto 5 das presentes bases.

Ademáis, a persoa solicitante deberá estar empadroadada en Portomarín con anterioridade a publicación destas bases, e/ou matriculada no CEIP Virxe da Luz durante o curso escolar 2023-2024.

Nos casos de divorcio onde o/a proxenitor/a empadroadado/a na vila ostente a custodia da/o menor durante este período; a solicitude tramitarase conforme ao punto anterior.

Con carácter supletorio, poderán participar persoas que, non estando empadronadas, cumpran algún dos seguintes requisitos por orde de importancia:

- teñan familiares de segundo grao empadronados na vila.
- aleguen que non existe un servizo similar no seu concello de referencia e/ou que por motivos de conciliación da vida persoal, laboral e familiar precisan acudir a estes servizos no concello de Portomarín.
- outros casos de especial consideración e susceptibles de valoración por parte dos Servizos Sociais municipais.



Concello de Portomarín

Os/as solicitantes que non cumpran os requisitos non poderán participar no programa.

4.- Nº DE PRAZAS POR SERVIZO

As prazas ofertadas para cada servizo son as que se detallan a continuación:

- Actividades Extraescolares (12 por grupo e día)
- Escolas Deportivas (15 por grupo e día)
- Tardes Lúdicas (20 por grupo e día)
- Madruga (10 por grupo e día)

Para que se leve a cabo cada servizo con normalidade, deberán estar cubertas a metade das prazas dispoñibles.

Se non fose de este xeito, deberá cubrirse alomenos un tercio do grupo, para manter o servizo, coa consecvente modificación das actividades previstas.

5.- PROGRAMACIÓN E PARTICULARIDADES DE CADA SERVIZO

De xeito xeral, os servizos seguirán o almanaque establecido polo CEIP Virxe da Luz para o curso escolar 2023-2024; polo que darán comezo o primeiro día lectivo do mes de setembro de 2023, e rematará o último día lectivo de xuño de 2024.

Ditos servizos manteranse activos durante todo o curso escolar 2023-2024, respectando os días non lectivos establecidos pola Consellería de Educación e o Centro Educativo.

No suposto de que algún servizo sufrise modificacións substanciais durante o período de execución, que afectasen aos días, horario e/ou tipoloxía de actividades, debido a: condicións climatolóxicas adversas, causas de forza maior, ausencia dun mínimo de solicitudes e/ou polas necesidades detectadas no grupo de participantes. Farase un comunicado para informar ás familias usuarias do servizo que sufrise modificacións.

Tamén informamos ás familias de que os distintos servizos poden presentar certas particularidades. En consecuencia, a continuación recóllese información sobre cada servizo; facendo fincapé naquelas especificidades que condicionan as regras xerais.



5.1.- Actividades Extraescolares

5.1.1.- Obxetivos xerais:

- Incrementar a participación en actividades físico-deportivas fóra do horario lectivo.
- Aproveitar o potencial educativo e formativo das actividades físico-deportivas.
- Impulsar a función integradora e de cohesión social do deporte.
- Manter e mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos e saudables.
- Permitir a aprendizaxe dos conceptos técnicos e tácticos, o desenvolvemento das cualidades físicas, así como a transmisión de hábitos, actitudes e valores.
- Potenciar os xogos motores como instrumento base da educación.
- Promover a educación en valores a través do deporte; como son a tolerancia, o respecto ás persoas e ás normas, o esforzo, a autosuperación, a cooperación e a confianza entre outros.

5.1.2.- Obxetivos específicos patinaxe:

- Percibir e coñecer a través do corpo o control e dominio dos esquemas motrices e posturais (equilibrio) a través do uso do medio móbil dos patins.
- Fomentar a coordinación dos movementos e potenciar a súa concentración.
- Adquirir a práctica do patinaxe dende o aspecto lúdico.
- Promover o traballo en equipo, e a socialización das crianzas.
- Favorecer a autonomía persoal, autoconfianza e respecto cara compañeiros/as e monitorado.

5.1.3.- Obxetivos específicos predeporte e zumba infantil:

- Potenciar o desenvolvemento sensorial das crianzas dende idades temperás.
- Facilitar a comprensión e a orientación espacial.
- Adquirir e mellorar a coordinación dos movementos e deprazamentos.
- Favorecer a imaxinación, a creatividade e a memoria visual.
- Favorecer a relación co grupo de pares nun contexto lúdico-educativo.



Concello de Portomarín

5.1.4.- Obxectivos específicos multideporte:

- Potenciar a autoconfianza, habilidades perceptivo-motoras.
- Conseguir a coordinación nos movementos e deprezamentos.
- Mellorar e manter as funcións corporais, motoras, sensoriais e mentais.
- Favorecer a autonomía persoal, autoconfianza e respecto cara o grupo de pares, o monitorado e as normas.
- Potenciar o aprendizaxe e a práctica de diferentes deportes.
- Adquirir coñecementos sobre os distintos deportes (regras, táctica, etc).

5.1.5.- Obxetivos específicos baloncesto:

- Potenciar a autoconfianza, habilidades perceptivo-motoras.
- Conseguir a coordinación nos movementos e deprezamentos.
- Mellorar e manter as funcións corporais, motoras, sensoriais e mentais.
- Favorecer a autonomía persoal, autoconfianza e respecto cara o grupo de pares, o monitorado e as normas.
- Iniciarse na práctica do baloncesto.
- Adquirir coñecementos sobre regras, técnicas, táctica, etc do baloncesto.

5.1.6.- Temporalización e localización:

Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
14:50-16:00	-	-	Patinaxe (iniciación)	Patinaxe (aprendizaxe)	Patinaxe (perfeccionamento)
16:15-17:15	-	-	Predeporte e Zumba infantil	Multideporte (aprendizaxe)	Multideporte (perfeccionamento)
17:15-18:00	-	-	Baloncesto (iniciación)	-	-

As Actividades Extraescolares desenvolveranse nos seguintes espazos:

- Patinaxe: de xeito xeral no patio exterior cuberto do CEIP Virxe da Luz. No suposto de condicións climatolóxicas adversas, deberán realizarse no ximnasio de dito centro.



Concello de Portomarín

- Predeporte e Zumba infantil: de xeito xeral no ximnasio do CEIP Virxe da Luz. Cando as circunstancias sexan favorables, poderán realizarse ao aire libre nas inmediacións do centro educativo.
- Multideporte: de xeito xeral no ximnasio do CEIP Virxe da Luz. Cando as circunstancias sexan favorables, poderán realizarse ao aire libre nas inmediacións do centro educativo.
- Baloncesto: de xeito xeral no ximnasio do CEIP Virxe da Luz. Cando as circunstancias sexan favorables, poderán realizarse ao aire libre nas inmediacións do centro educativo.

5.1.7.- Poboación obxectivo:

O servizo de Actividades Extraescolares está dirixido especificamente á poboación infanto-xuvenil de entre 3 e 12 anos de idade, que se atope matriculada no CEIP Virxe da Luz durante o presente curso escolar.

Excepcionalmente, e de existir prazas vacantes, estas poderán ser ocupadas por menores de entre 3 e 16 empadroados no concello de Portomarín, e/ou que cumpran algún dos requisitos xerais recollidos no punto 3 das presentes bases; sempre que exista unha solicitude motivada, unha valoración positiva por parte dos Servizos Sociais Comunitarios, e aceptación por parte das persoas responsables da actividade.

A distribución dos grupos farase atendendo aos niveis de dificultade da actividade e ao desempeño de cada persoa participante.

De xeito orientativo, as actividades de iniciación ao patinaxe, iniciación ao baloncesto, predeporte e zumba infantil están orientadas á nenos e nenas de educación infantil. Mentres que as actividades de aprendizaxe e perfeccionamento están destinadas a crianzas de 1º-3º de primaria e 4º-6º de primaria, respectivamente.

Non obstante, poderán facerse modificacións de grupo, cando a persoa responsable de impartir a actividade así o considere.



Concello de Portomarín

5.1.8.- Custo do servizo:

Este servizo ten un custo aproximado de 12€/mes por participante e actividade; o cal estará completamente subvencionado para os nenos e nenas residentes no concello de Portomarín e/ou matriculados no CEIP Virxe da Luz no presente curso escolar. As persoas solicitantes que non cumpran estes requisitos, deberán aportar a cantidade correspondente ao prezo da praza máis o 25%.

5.2.- Escolas Deportivas

5.2.1.- Obxetivos xerais:

- Coñecer e valorar o corpo e a actividade física como medio de exploración e disfrute das posibilidades motrices e de relación cos demais.
- Utilizar as capacidades físicas básicas, as habilidades motrices e os coñecementos da estrutura e o funcionamento do corpo na actividade física para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.
- Resolver problemas que esixan o dominio de patróns motrices básicos, adecuándose aos estímulos perceptivos e seleccionando os movementos, previa valoración das posibilidades.
- Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoexigencia acorde coas posibilidades e a natureza da tarefa a realizar.
- Establecer relacións equilibradas e constructivas co grupo de pares, evitando calquera tipo de discriminación, así como comportamentos agresivos e situacións de rivalidade durante as competicións.
- Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas e deportivas nos entornos nos que se desenvolven; mostrando unha actitude crítica como persoa participante e/ou espectadora.

5.2.2.- Obxetivos específicos:

- Incrementar a participación en actividades físico-deportivas fóra do horario lectivo.
- Aproveitar o potencial educativo e formativo das actividades físico-deportivas.
- Impulsar a función integradora e de cohesión social do deporte.



Concello de Portomarín

- Manter e mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida activos e saudables.
- Facilitar a comprensión e a orientación espacial.
- Potenciar a autoconfianza, habilidades perceptivo-motoras.
- Mellorar e manter as funcións corporais, motoras, sensoriais e mentais.
- Adquirir e mellorar a coordinación dos movementos e deprezamentos.
- Favorecer a autonomía persoal, autoconfianza e respecto cara compañeiros/as e monitorado.
- Permitir a aprendizaxe dos conceptos técnicos e tácticos, o desenvolvemento das cualidades físicas, así como a transmisión de hábitos, actitudes e valores.
- Promover a educación en valores a través do deporte; como son a tolerancia, o respecto ás persoas e ás normas, o esforzo, a autosuperación, a cooperación e traballo en equipo, a confianza; entre outros.

5.2.3.- Temporalización e localización:

Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
18:00-19:00	-	-	Fútbol sala (benxamín/alevín)	-	Fútbol sala (benxamín/alevín)
19:15-20:15	-	-	Badminton (alevín/infantil)	-	Fútbol sala (infantil/cadete)
20:30-21:30	-	-	Fútbol sala (infantil/cadete)	-	-

As Escolas Deportivas desenvolveranse, de xeito ordinario, nas instalacións do pavillón deportivo municipal segundo os horarios establecidos; alomenos ata a publicación do almanaque de competicións deportivas interescolares. Dende esa data, os horarios estarán supeditados ao calendario de competicións establecido pola Xunta de Galicia (Programa XOGADE 2023-2024, Educando no rural, Deporte Escolar Galego).

Ditas competicións realizaranse en diferentes puntos da xeografía, previsiblemente durante os fins de semana; polo que haberá que facer desplazamentos para acudir as competicións.



Concello de Portomarín

5.2.4.- Poboación obxectivo:

As Escolas Deportivas están orientadas, de xeito prioritario, á poboación infanto-xuvenil de entre 7 e 16 anos de idade, que se atope matriculada no CEIP Virxe da Luz durante o presente curso escolar e/ou empadroada no concello de Portomarín.

Excepcionalmente, e de existir prazas vacantes, estas poderán ser ocupadas por menores da mesma idade, procedentes de concellos limítrofes; sempre que exista unha solicitude motivada en relación aos requisitos xerais recollidos no punto 3 das presentes bases, unha valoración positiva por parte dos Servizos Sociais Comunitarios, e aceptación por parte das persoas responsables da actividade.

A distribución dos grupos farase atendendo as categorías utilizadas na competición, as cales se detallan a continuación:

- Benxamins: Nenos e nenas de 7 a 9 anos de idade.
- Alevins: Nenos e nenas de 10 a 12 anos de idade.
- Infantis: Nenos e nenas de 12 a 14 anos de idade.
- Cadetes: Nenos e nenas de 14 a 16 anos de idade.

Non obstante, poderán facerse modificacións de grupo, cando a persoa responsable de impartir a actividade así o considere.

5.2.5.- Custo do servizo:

Este servizo ten un custo aproximado de 18€/mes por participante e actividade; o cal estará completamente subvencionado para os nenos e nenas residentes no concello de Portomarín e/ou matriculados no CEIP Virxe da Luz no presente curso escolar. As persoas solicitantes que non cumpran estes requisitos, deberán aportar un copago de 10€/mes por actividade.



Concello de Portomarín

5.3.- Tardes Lúdicas

5.3.1.- Obxetivos xerais:

- Facilitar a conciliación das familias con fillos/as dende os 3 ata os 16 anos de idade.
- Favorecer a conciliación no ámbito laboral, familiar e personal.
- Fomentar unha óptima redistribución das tarefas e os tempos de coidado das crianzas.
- Promover o desenvolvemento integral das persoas participantes.
- Manter e mellorar o estado de saúde a través da adquisición de hábitos de vida saudables.

5.3.2.- Obxetivos específicos:

- Promover o traballo en equipo, creando grupos e fomentando a socialización das crianzas.
- Favorecer a autonomía persoal, autoconfianza e respecto cara o grupo de pares, o monitorado e as normas.
- Facilitar a comprensión e a orientación espacial.
- Mellorar e manter as funcións corporais, motoras, sensoriais e mentais.

5.3.3.- Temporalización e localización:

Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
14:50-17:00	Reforzo educativo e xogos	Reforzo educativo e xogos	Reforzo educativo e xogos	Reforzo educativo e xogos	Reforzo educativo e xogos
17:00-17:30	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda
17:30-19:00	Actividades lúdicas e/ou deportivas	Actividades lúdicas e/ou deportivas	Actividades lúdicas e/ou deportivas	Actividades lúdicas e/ou deportivas	Actividades lúdicas e/ou deportivas
19:00-19:30	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida

O servizo de Tardes Lúdicas desenvolverase de xeito xeral nas instalacións municipais situadas fronte ao CEIP Virxe da Luz, e no ximnasio do CEIP Virxe da Luz. Cando as



Concello de Portomarín

circunstancias sexan favorables, poderán realizarse tamén ao aire libre nas inmediacións do centro educativo.

5.3.4.- Poboación obxectivo:

O servizo de Tardes Lúdicas está dirixido especificamente á poboación infanto-xuvenil de entre 3 e 12 anos de idade, que se atope matriculada no CEIP Virxe da Luz durante o presente curso escolar.

Excepcionalmente, e de existir prazas vacantes, estas poderán ser ocupadas por menores de entre 3 e 16 empadroados no concello de Portomarín, e/ou que cumpran algún dos requisitos xerais recollidos no punto 3 das presentes bases; sempre que exista unha solicitude motivada, unha valoración positiva por parte dos Servizos Sociais Comunitarios, e aceptación por parte das persoas responsables da actividade.

A distribución dos grupos farase atendendo aos niveis de dificultade da actividade e ao desempeño de cada persoa participante.

5.3.5.- Custo do servizo:

Este servizo ten un custo aproximado de 29€/mes por participante e día de actividade (145€/mes para semana completa); o cal estará completamente subvencionado para os nenos e nenas residentes no concello de Portomarín e/ou matriculados no CEIP Virxe da Luz no presente curso escolar. As persoas solicitantes que non cumpran estes requisitos, deberán aportar a cantidade correspondente ao prezo da praza máis o 25%.

5.4.- Madruga

5.4.1.- Obxetivos xerais:

- Favorecer a compatibilización da vida laboral, familiar e persoal.
- Ofrecer unha alternativa para a atención as crianzas con anterioridade ao inicio da xornada lectiva.



Concello de Portomarín

5.4.2.- Obxetivos específicos:

- Promover o traballo en equipo, creando grupos e fomentando a socialización das crianzas.
- Favorecer a autonomía persoal, autoconfianza e respecto cara compañeiros/as e monitorado.
- Facilitar a comprensión e a orientación espacial.
- Potenciar a autoconfianza, habilidades perceptivo-motoras.
- Mellorar e manter as funcións corporais, motoras, sensoriais e mentais.
- Favorecer a autonomía persoal, autoconfianza e respecto cara o grupo de pares, o monitorado e as normas.

5.4.3.- Temporalización e localización:

Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
7:30-8:15	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación
8:15-8:55	Psicomotric. grossa	Estimulación sensorial	Animación á lectura	Psicomotric. fina	Actividades artísticas

O servizo Madruga desenvolverase na aula habilitada para tal fin, sita nas dependencias do CEIP Virxe da Luz.

5.4.4.- Poboación obxectivo:

O servizo Madruga está dirixido, en exclusiva, á poboación infanto-xuvenil de entre 3 e 12 anos de idade, que se atope matriculada no CEIP Virxe da Luz durante o presente curso escolar 2023-2024.

5.4.5.- Custo do servizo:

Este servizo ten un custo aproximado de 8€/mes por participante e día de actividade (40€/mes para semana completa); o cal estará completamente subvencionado para os nenos e nenas residentes no concello de Portomarín e/ou matriculados no CEIP Virxe da Luz no presente curso escolar.



6.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

É requisito indispensable para acceder á praza cumprir os requisitos xerais de idade.

O criterio xeral de adxudicación de praza será o establecido conforme ao nº de orde de rexistro de entrada da solicitude por vía presencial ou telemática; o cal estará supeditado ao referido no punto 3 das presentes bases, e aos criterios especificados para cada servizo, recollidos no punto 5 das mesmas bases.

Deste xeito, terán prioridade na asignación de praza as persoas empadroadas na vila de Portomarín e/ou matriculadas no CEIP Virxe da Luz, fronte as non empadroadas.

Posteriormente, e no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas, a orde de prelación establecerase atendendo aos seguintes criterios:

- Familias de especial consideración:
 - Familias numerosas: presentar o título oficial de familia numerosa.
 - Familias monomarentais/monoparentais: presentar o certificado oficial que acredite a situación.
 - Víctimas de violencia de xénero con menores a cargo: presentar a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero.
- Persoa participante con discapacidade: presentar o certificado expedido pola Xunta de Galicia.
- Nivel de renda familiar¹, priorizando as familias cunha renda per capita menor. A renda deberá de ser inferior ou igual a 6,5 veces o IPREM do 2023². A cal se verá incrementada nun 15% para familias de especial consideración, ou calquera outra situación susceptible de valoración por parte do equipo técnico de servizos sociais).

¹ Cálculo da renda per cápita da UF é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 entre os membros computables. A renda da unidade familiar será o resultado da suma das rendas dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do IRPF.

Para as presentes bases, terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- As parellas non separadas/divorciadas legalmente ou, de ser o caso, a/s persoa/s titora/s do/a menor.
- Os/as fillos/as menores de idade non emancipados/as.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade recoñecida e/ou con incapacitación xudicial, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Descendentes solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- A persoa proxenitora separada ou divorciada legalmente, cando exista custodia compartida.
- Cando non exista vínculo matrimonial ou análogo, a unidade familiar entenderase constituída polas persoas proxenitoras e todas as descendentes convivintes que reúnan os requisitos do punto anterior.

² Valor do indicador público da renda de efectos múltiples 6,5 veces o **IPREM 2023: 46.800,00€/pers. (12 pagas)**.



Concello de Portomarín

- Proxenitores/as que se encontren traballando durante o horario no que se presta o servizo solicitado.

No caso de presentación de solicitudes conxuntas (irmáns/irmás ou situacións asimilables) para o mesmo servizo, a admisión dunha persoa solicitante, suporá a admisión das restantes.

Aquelas familias que non se atopen nos supostos anteriores, ateranse ao criterio xeral de adxudicación de praza.

As persoas non admitidas por exceso de solicitudes pasarán a formar parte dunha lista de agarda, seguindo a orde establecida neste apartado.

No suposto de que quedasen prazas vacantes e/ou liberadas; tanto por modificacións da solicitude inicial e/ou renuncia dalgunha persoa admitida, cómo por baixa de oficio por reiteradas ausencias sen xustificación; farase un chamamento as persoas que se atopen en lista de agarda para ese/s servizo/s.

7.- PROCEDIMENTO PARA SOLICITUDE

As solicitudes estarán dispoñibles na páxina web do concello de Portomarín <http://www.concellodeportomarin.es/> e na oficina de rexistro do concello.

As solicitudes serán cursadas por unha persoa adulta, responsable do/a menor, mediante o modelo de solicitude facilitado polo concello de Portomarín (ANEXO I).

Na solicitude deberán marcarse os días elixidos para cada servizo seleccionado, sendo posible compatibilizar varios servizos.

O prazo de solicitudes abrirase ao día seguinte da publicación das presentes bases na páxina web municipal, sede electrónica, taboleiro de anuncios ou calquera outro medio que se considere idóneo co obxecto de promover a súa difusión pública. E permanecerá aberto ata o día 5 de setembro de 2023.

No suposto de que existan prazas vacantes nalgún servizo, o prazo de solicitude permanecerá aberto durante todo o curso escolar 2023-2024.



Concello de Portomarín

A fin de facilitar a organización e coordinación dos distintos servizos, e comunicar as altas, baixas e/ou calquera outra situación particular que poidera suceder; o día 20 de cada mes pecharase a recepción de novas solicitudes e/ou modificacións da solicitude inicial para o mes seguinte ao que se solicita a prestación do servizo.

A presentación da solicitude supón a aceptación das presentes bases.

As solicitudes e documentación complementaria poderá presentarse a través da:

- Sede electrónica municipal <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0>
- Rexistros administrativos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.1 Documentación mínima que comprende e acompaña á solicitude:

- Modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado (ANEXO I).
- Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
- Copia dos DNI da persoa participante e das titoras legais. No caso de que outras persoas sexan as responsables de deixar e recoller ao/á menor, deberá constar na solicitude e achegar copia dos DNI das persoas autorizadas.

6.2 Documentación a aportar para adxudicación prioritaria de praza:

- Familias de especial consideración:
 - Familias numerosas: título oficial de familia numerosa.
 - Familias monomarentais/monoparentais: certificado oficial.
 - Víctimas de violencia de xénero con menores a cargo: acreditación.
- Participante con discapacidade: certificado expedido pola Xunta de Galicia.
- Declaración de ingresos da unidade familiar (ANEXO II).
- Para a acreditación da incompatibilidade horaria dos/as pais/nais ou titores:
 - Persoas traballadoras por conta allea: certificado da empresa no que se acredite o horario laboral.
 - Persoas traballadoras por conta propia (autónomas): declaración xurada onde conste a xornada laboral; máis o recibo da Tesourería Xeral da Seguridade Social.



Concello de Portomarín

Nos casos de separación ou divorcio onde o/a proxenitor/a ostente a custodia da/o menor durante este período: copia do convenio regulador ou declaración xurada na que conste calquera outro probatorio da situación.

A presente administración resérvase o dereito a poder solicitar calquera outra documentación complementaria ou adicional á requerida; en calquera momento dentro do período de execución do servizo previa comunicación ás familias.

8.- PUBLICACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e revisadas todas as presentadas, publicarase na páxina web municipal <http://www.concellodeportomarin.es/> e na sede electrónica <https://portomarin.sedelectronica.gal/info.0> a relación de persoas admitidas e excluídas para cada quenda e servizo.

No caso das persoas excluídas por erro na presentación da solicitude, haberá un prazo de dous días naturais para subsanación.

No suposto de que o erro persista, non se cumpran os requisitos mínimos e/ou o número de solicitudes supere as prazas ofertadas, a persoa solicitante quedará excluída de xeito permanente; procedendo á devolución da cuota aboada, se fora o caso.

No suposto de que, por modificacións da solicitude inicial dalgunha persoa admitida, quedasen prazas dispoñibles no/s servizo/s solicitado/s, farase un chamamento as persoas en lista de agarda, para que poidan acceder as prazas liberadas.

9.- FUNCIONAMENTO E NORMAS DE CONVIVENCIA

As persoas participantes estarán acompañadas en todo momento por persoal cualificado, que reúne a titulación e cumpre os requisitos para traballar de xeito habitual con menores. Este persoal poderán ser propio do concello, ou ben, contratado pola empresa adxudicataria do/s servizo/s.



Concello de Portomarín

O servizo de Tardes Lúdicas será prestado por unha empresa externa; mentres que os servizos de Actividades Extraescolares, Escolas Deportivas e Madrugada serán executados directamente polo persoal do concello de Portomarín.

A coordinación xeral dos catro servizos recaerá no persoal de Servizos Sociais do concello de Portomarín, polo que calquera consulta, incidencia e/ou reclamación deberá ser remitida a este servizo, a fin de ser resolta na maior brevidade posible.

Non se permitirá o acceso ás instalacións onde se desenvolvan os servizos de ningunha persoa allea a eles; é dicir, só terán acceso a ditos espazos as persoas participantes, o equipo técnico que desenvolve as actividades e o persoal responsable da coordinación dos servizos e/ou das instalacións.

9.1 Normas de funcionamento interno e convivencia:

- Prégase puntualidade nos horarios de entrada e saída dos distintos servizos; establecéndose un marxe de cortesía de 5-10 mins. A falta de puntualidade na entrada e/ou recollida das persoas participantes poderá supoñer a perda do dereito á prestación do/s servizo/s.
- Non se poderá faltar sen xustificar máis de cinco días ao mes. De ser así, darase de baixa do servizo correspondente. No suposto de producirse algunha ausencia puntual (por enfermidade, etc.), deberá comunirse na maior brevidade posible.
- Calquera circunstancia e/ou necesidade que presente a/o menor deberá de ser informada na solicitude, coa finalidade de atender á diferenza e establecer os apoios e/ou as adaptacións precisas para favorecer a participación.
- Será esencial manter un clima de respecto e empatía cara o equipo técnico que realiza as actividades, como hacia o resto de persoas participantes. No caso de que o comportamento dun/ha participante afecte ao funcionamento do servizo procederase a avisar á familia; e de persistir, tomaranse as medidas que sexan necesarias para garantir o bo desenvolvemento do/s servizo/s.
- Cada participante deberá traer as cousas necesarias para cada actividade (ver recomendacións de equipamento).
- É moi recomentable traer auga; así como merenda (saudable) para as persoas participantes que boten a tarde realizando actividades. Non se poderán



Concello de Portomarín

compartir alimentos, para minimizar o risco de sufrir problemáticas derivadas de posibles intolerancias e alerxias alimentarias.

9.2 Recomendacións sobre o equipamento:

- Para as actividades deportivas: uso habitual de roupa deportiva, calzado pechado e calcetíns.
- Recoméndase que todos os equipamentos susceptibles de ser extraviados veñan debidamente etiquetados co nome da persoa participante.

10.- PREZOS XERAIS E CRITERIOS SUBVENCIONABLES

Con arranxo a normativa vixente, o concello de Portomarín establecerá dotacións orzamentarias para sufragar os custos derivados da prestación dos servizos.

Conforme ao estudo de custos e financiamento realizado a tal efecto, os prezos xerais por servizo e mes; así como as bonificacións aplicables, serán as seguintes:

Servizos	Custo servizo	Prezo c/ copago	Criterios para obter bonificación do 100%	Prezo bonific
Actividades Extraescolares	12€/mes por pers e actividade	Custo do servizo +25%	Persoa empadroada no concello de Portomarín. Alumnado matriculado no CEIP Virxe da Luz.	gratuito
Escolas Deportivas	18€/mes por pers e actividade	10€/mes por pers e actividade	Persoa empadroada no concello de Portomarín. Alumnado matriculado no CEIP Virxe da Luz.	gratuito
Tardes Lúdicas	29€/mes por pers e día de actividade	Custo do servizo +25%	Persoa empadroada no concello de Portomarín. Alumnado matriculado no CEIP Virxe da Luz.	gratuito
Madruga	8€/mes por pers e día de actividade		Persoa empadroada no concello de Portomarín. Alumnado matriculado no CEIP Virxe da Luz.	gratuito

Nos supostos nos que exista un copago, haberá que calcular o importe mensual segundo corresponda. Dito ingreso mensual deberá facerse con anterioridade ao inicio do mes para o que se solicita a prestación do servizo, no número de conta: **IBAN ES23 2080 0172 0431 1000 0011**; facendo constar o Nome e Apelidos da persoa solicitante e os días e servizos solicitados. EXEMPLO: María Pérez Pérez, 3 días extraescolares e fútbol sala.



Concello de Portomarín

No suposto de familias con circunstancias excepcionais de extrema vulnerabilidade, poderá eximirse por completo do pago establecido, previo informe social favorable.

11.- MODIFICACIÓNS, SUSPENSIÓN OU CANCELACIÓN DO/S SERVIZO/S

Os servizos dos que consta o Programa Portomarín Concilia 2023-2024 poderán sufrir modificacións, suspensións parciais ou a total cancelación, se existisen causas de forza maior que motivasen a aplicación de estas medidas, para garantir a seguridade e saúde das persoas participantes, do equipo de profesionais, e das familias.

Tamén será motivo de cancelación da/s quenda/s e/ou servizo/s que non alcancen o número mínimo de participantes; o cal está recollido no punto 4 de estas bases.

Calquera modificación, suspensión ou cancelación do programa será notificado ás familias participantes coa maior brevidade posible.

Asinado electrónicamente á marxe do documento

O Sr. Alcalde – Presidente

Pablo Rivas Folgueira



Concello de Portomarín

PROGRAMA PORTOMARÍN CONCILIA 2023-2024

ANEXO I: MODELO SOLICITUDE³

DATOS PERSOAIS DO/A MENOR (cubrir unha solicitude por cada participante)

Nome e Apelidos:			
DNI (en caso de telo):		Nº tarxeta sanitaria:	
Data de nacemento:		Idade:	
Dirección:			
Localidade:		Provincia:	
En caso de solicitude conxunta, ¿quén é/son a/s outra/s persoa/s solicitante/s?			

DATOS PERSOAIS PAI/NAI/TUTOR/REPRESENTANTE LEGAL DO/A MENOR

Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
En caso de separación ou divorcio, especificar quen é a persoa que ostenta a custodia nas datas da actividade.			

OUTRAS PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DO/A MENOR

Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	
Nome e Apelidos:			
DNI:		Teléfono:	

³ De existir prazas vacantes, o prazo de solicitude permanecerá aberto durante todo o curso escolar 2023-2024; pechándose a recepción de novas solicitudes e/ou modificacións da solicitude inicial o día 20 de cada mes.



Concello de Portomarín

DATOS MÉDICOS DO/A PARTICIPANTE

De ser o caso, enfermidades infecto-contaxiosas e/ou patoloxías que padeza:

Patoloxías	¿Trae medicación para auto-administración?		Medicación e pauta de tratamento: (só se a trae ás actividades)
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	

De ser o caso, alerxias, intolerancias o particularidades alimenticias da participante:

Alerxia, intolerancia e/ou particularidades alimenticias	¿Trae medicación para auto-administración?		Medicación e pauta de tratamento: (só se a trae ás actividades)
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	
	SÍ	NO	

Facer referencia a calquera circunstancia e/ou necesidade que a persoa participante poida presentar durante o desenvolvemento das actividades:

Discapacidade recoñecida	Grao	Necesidades que pode presentar:
Outras circunstancias sanitarias a ter en conta		

OUTROS DATOS E INFORMACIÓN RELEVANTE DO/A PARTICIPANTE

Autoriza ás salidas do recinto para desenvolver as actividades incluídas no Programa Portomarín Concilia 2023-2024	SÍ	NO
Autoriza á publicación e uso de imaxes recollidas durante o Programa Portomarín Concilia 2023-2024	SÍ	NO



Concello de Portomarín

SERVIZOS SOLICITADOS (marcar os días e horarios solicitados de forma clara)

Incompatibilidades: Solapar actividades que teñan os mesmos horarios.

- Actividades Extraescolares (de 3 a 12 anos; excepcionalmente de 12 a 16 anos)

- Actividades de iniciación, predeporte e zumba infantil: educación infantil.
- Actividades de aprendizaxe e perfeccionamento: 1º-3º primaria e 4º-6º primaria.

Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
14:50-16:00	-	-	Patinaxe (iniciación)	Patinaxe (aprendizaxe)	Patinaxe (perfeccionamento)
16:15-17:15	-	-	Predeporte e Zumba infantil	Multideporte (aprendizaxe)	Multideporte (perfeccionamento)
17:15-18:00	-	-	Baloncesto (iniciación)	-	-

- Escolas Deportivas (de 7 e 16 anos)

- Benxamins: de 7 a 9 anos.
- Infantis: de 12 a 14 anos.
- Alevins: de 10 a 12 anos.
- Cadetes: de 14 a 16 anos.

Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
18:00-19:00	-	-	Fútbol sala (benxamín/alevín)	-	Fútbol sala (benxamín/alevín)
19:15-20:15	-	-	Badminton (alevín/infantil)	-	Fútbol sala (infantil/cadete)
20:30-21:30	-	-	Fútbol sala (infantil/cadete)	-	-

- Tardes Lúdicas (de 3 a 12 anos; excepcionalmente de 12 a 16 anos)

Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
14:50-17:00	Reforzo educat. e xogos	Reforzo educat. e xogos	Reforzo educat. e xogos	Reforzo educat. e xogos	Reforzo educat. e xogos
17:00-17:30	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda
17:30-19:00	Activ. lúdicas e/ou deportivas	Activ. lúdicas e/ou deportivas	Activ. lúdicas e/ou deportivas	Activ. lúdicas e/ou deportivas	Activ. lúdicas e/ou deportivas
19:00-19:30	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida

- Madruga (de 3 a 12 anos)

Horario	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
7:30-8:15	Xogos activación	Xogos activación	Xogos activación	Xogos activación	Xogos activación
8:15-8:55	Psicomotric. grossa	Estimulación sensorial	Animación á lectura	Psicomotric. fina	Actividades artísticas



Concello de Portomarín

COPAGO POLOS SERVIZOS PRESTADOS

Nos supostos que exista copago, recollido no punto 10 das presentes bases, deberá ingresarse a mensuralidade previo inicio do servizo na conta: **IBAN ES23 2080 0172 0431 1000 0011**; facendo constar **Nome e Apelidos da persoa solicitante** e os días e servizos solicitados. Exemplo: María Pérez Pérez, 3 días extraescolares e fútbol sala.

O pago das mensuralidades será reflexado, no cuadro que se amosa a continuación:

Prezo/mes	9/23	10/23	11/23	12/23	1/24	2/24	3/24	4/24	5/24	6/24
Activ. Extraescolares										
Escolas Deportivas										
Tardes Lúdicas										

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA Á SOLICITUDE (marcar a que corresponda)

Documentación mínima que comprende e acompaña á solicitude:

- Modelo de solicitude debidamente cuberto e asinado (ANEXO I).
- Copia da tarxeta sanitaria da persoa participante.
- Copia dos DNI da persoa participante, das titoras legais e das autorizadas.
- Copia do libro de familia.

Documentación a aportar para adxudicación prioritaria de praza:

- Título oficial de familia numerosa.
- Certificado oficial que acredite a monomarentalidade/monoparentalidade.
- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero.
- Certificado de discapacidade expedido pola Xunta de Galicia.
- Declaración de ingresos da unidade familiar (ANEXO II).
- Certificado da empresa (persoas traballadoras por conta allea).
- Declaración xurada (persoas traballadoras por conta propia).

Á presentación da solicitude supón a aceptación das bases e o tratamento dos datos⁴.

En Portomarín, a _____ de _____ de 202__

Firma: _____

⁴ Os datos aportados na solicitude serán incorporados aos ficheiros do Concello de Portomarín, e tratados para a xestión do Programa Portomarín Concilia 2023-2024. Ditos datos, non se comunicarán a terceiros, salvo obrigación legal e casos estritamente necesarios de acordo á finalidade do tratamento. Poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixindo a solicitude á Prza. do Camiño s/n; C.P. 27170, Portomarín, Lugo.



Concello de Portomarín

PROGRAMA PORTOMARÍN CONCILIA 2023-2024

ANEXO II: DECLARACIÓN DE INGRESOS en relación ao IPREM do 2023⁵

D/Dna. _____, con
DNI _____, en calidade de pai/nai e/ou titor/a legal de
_____, declaro que os ingresos da unidade
familiar na que se integra a persoa participante

- SI, supera o IPREM do 2023 en 6,5 veces
- NON, supera o IPREM do 2023 en 6,5 veces

Nos supostos sinalados no punto 6 das bases de participación sobre familias de especial consideración; o límite varese incrementado nun 15% máis.

En Portomarín, a _____ de _____ de 202__

Firma: _____

⁵ Valor do indicador público da renda de efectos múltiples 6,5 veces o IPREM 2023: **46.800,00€/persoa** (para 12 pagas).



Concello de Portomarín

PROGRAMA PORTOMARÍN CONCILIA 2023-2024

ANEXO III: PETICIÓN DE MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE INICIAL

D/Dna. _____, con DNI _____,
en calidade de pai/nai e/ou titor/a legal de _____
_____, solicito a modificación da solicitude inicial⁶ nos seguintes termos:

- Ampliación dos días e/ou servizos.
- Redución dos días e/ou servizos.
- Outras modificacións (facer aclaracións).

Modificacións da solicitude inicial (facer referencia só ás modificacións):

Actividades Extraescolar.	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
14:50-16:00	-	-	Patinaxe (iniciación)	Patinaxe (aprendizaxe)	Patinaxe (perfeccionamento)
16:15-17:15	-	-	Predeporte e Zumba infantil	Multideporte (aprendizaxe)	Multideporte (perfeccionamento)
17:15-18:00	-	-	Baloncesto (iniciación)	-	-

Escolas Deportivas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
18:00-19:00	-	-	Fútbol sala (benxamín/alevín)	-	Fútbol sala (benxamín/alevín)
19:15-20:15	-	-	Badminton (alevín/infantil)	-	Fútbol sala (infantil/cadete)
20:30-21:30	-	-	Fútbol sala (infantil/cadete)	-	-

Tardes Lúdicas	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
14:50-17:00	Reforzo educat. e xogos	Reforzo educat. e xogos	Reforzo educat. e xogos	Reforzo educat. e xogos	Reforzo educat. e xogos
17:00-17:30	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda	Merenda
17:30-19:00	Activ. lúdicas e/ou deportivas	Activ. lúdicas e/ou deportivas	Activ. lúdicas e/ou deportivas	Activ. lúdicas e/ou deportivas	Activ. lúdicas e/ou deportivas
19:00-19:30	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida	Recollida

⁶De existir prazas vacantes, o prazo de solicitude permanecerá aberto durante todo o curso escolar 2023-2024; pechándose a recepción de novas solicitudes e/ou modificacións da solicitude inicial o día 20 de cada mes.



Concello de Portomarín

Madrugada	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
7:30-8:15	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación	Xogos de activación
8:15-8:55	Psicomotric. grossa	Estimulación sensorial	Animación á lectura	Psicomotric. fina	Actividades artísticas

Aclaracións: _____

En Portomarín, a _____ de _____ de 202__

Firma: _____